

Resolución do 14 de decembro de 2023 do tribunal do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o acceso por oposición libre a unha praza de vixiante municipal no concello de Rábade (código de procedemento PR461E) pola que se lle da publicidade a diversos acordos:

Na sesión que tivo lugar o día 14 de decembro de 2023, este tribunal, de conformidade co disposto nas bases da convocatoria adoptou os seguintes acordos:

PRIMEIRO. Publicar, como **Anexo I** a esta Resolución, a listaxe provisional das cualificacións do terceiro exercicio (probos de aptitude física) de persoas aspirantes do proceso de acceso por oposición libre que resultaron aptas, seguindo un criterio alfabético.

Publicar como **Anexo II** a esta Resolución as cualificacións provisionais co detalle dos tempos realizados por todas as persoas aspirantes do proceso de acceso por oposición libre que realizaron o terceiro exercicio.

SEGUNDO. Conforme ao establecido nas bases da convocatoria, as cualificacións provisionais obtidas polas persoas aspirantes nos exercicios da oposición publicaranse na páxina web da Agasp, e será concedido un prazo de cinco (5) días hábiles a efectos de alegacións, que se contarán a partir da publicación da resolución do tribunal pola que se publican as puntuacións do correspondente exercicio.

A Estrada, 14 de decembro de 2023

A Presidenta do Tribunal

Amara García Senín